

Novoneyra pensa en Lugo

“Ás veces canta o Norde / unha pasión de lonxes / i as murallas pechando un gran Lugo de nebra pechando abertas ...”. Estes versos inéditos de Uxío Novoneyra (1930-1999) abren *Gran Lugo de nebra*, un volume que reúne, por vez primeira, a obra dispersa, esquecida ou non publicada do autor sobre a cidade de Lugo.

Doce dos textos son rigorosamente inéditos: catro poemas e oito escritos en prosa. Ademais, a profesora da Universidade da Coruña e colaboradora de *Xornal de Galicia*, María Pilar García Negro, leva a cabo un fondo estudo introdutorio sobre a obra de Novoneyra e a súa conexión coa cidade.

En total, *Gran Lugo de Nebra* reúne medio cento de composicións: 38 poemas e 13 textos en prosa, que abarcan cinco décadas de vida e devoción pola cidade, dende 1955 ata 1999, ano do falecemento do poeta.

'GRAN LUGO DE NEBRA'

UXÍO NOVONEYRA ALVARELLOS, 2010

140 px. 14,00 €